

## O SIMPOSIO INTERNACIONAL DE XENÉTICA EN ACUICULTURA PROGRAMA ACTIVIDADES DE COOPERACIÓN TECNOLÓXICA ENTRE EXPERTOS E INDUSTRIA

- ***Paralelamente ao programa científico do evento, que terá lugar do 21 ao 27 de xuño, haberá un área de expositores, unha mesa redonda sobre transferencia de tecnoloxía e encontros bilaterais entre científicos e empresas***

**Vigo, 6 de xuño de 2015.-** A duodécima edición do Simposio Internacional de Xenética en Acuicultura que organiza a Universidade de Santiago de Compostela coa colaboración da Fundación CETMAR impulsará a cooperación tecnolóxica entre os expertos nesta materia e a industria do sector a través de diferentes actividades

O programa do evento, que terá lugar na universidade compostelá do 21 ao 27 de xuño coa presenza dos principais expertos mundiais en xenética en acuicultura, contempla unha serie accións orientadas a fomentar a participación das empresas que, de forma libre e gratuíta, poderán visitar a área de expositores, asistir a unha mesa redonda sobre transferencia de tecnoloxía ou participar en encontros bilaterais cos maiores expertos internacionais en xenética aplicada á acuicultura.

Tanto a exposición como a actividade de mediación para facilitar os contactos entre investigadores e industria desenvolveranse durante toda a semana. Co obxecto de facilitar a xestión destes encontros, a organización invita a todos os interesados a facer chegar os seus intereses a través da súa [páxina web](#), onde existe un [formulario](#) ao efecto.

A axenda do simposio conta ademais cun día especialmente dedicado á industria. Será o mércores 24 de xuño, cando terá lugar unha mesa redonda sobre transferencia de tecnoloxía. Durante esta reunión, o secretario xeral da Federación de Produtores Europeos de Acuicultura, Courtney Hough, debaterá con outros expertos participantes na mesa e cos asistentes sobre as prioridades da industria de Europa respecto da investigación en xenética neste sector de actividade.

O comité organizador do ISGA 2015 está presidido polo catedrático Paulino Martínez e formado por membros do grupo de investigación ACUIGEN do departamento de Xenética da Facultade de Veterinaria de Lugo. O Centro Tecnolóxico do Mar-Fundación CETMAR colabora coa Universidade de Santiago na organización do congreso.

O evento conta co apoio da Xunta de Galicia, a través da Consellería do Medio Rural e do Mar, da Consellería de Economía e Industria a través da Axencia Galega de Innovación e do IGAPE e da Consellería de Educación, así como tamén do Ministerio de Agricultura, Alimentación e Medio Ambiente, e dun nutrido grupo de empresas dos sectores da acuicultura e da biotecnoloxía.

SAÚDOS,  
GABINETE DE COMUNICACIÓN DA CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL E DO MAR.

